

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE LA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE Y ORGANON SALUD, SL PARA LA ORGANIZACIÓN DE UN CURSO SOBRE SALUD CON PERSPECTIVA DE GÉNERO Y SEXO EN CARDIOLOGÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS) formalizou, o día 08 de setembro de 2023, coa entidade Organon Salud S.L o instrumento convencional arriba referido, vixente ata o 23 de decembro de 2023. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre ORGANON e ACIS para a realización e desenvolvemento do CURSO "SAÚDE CON PERSPECTIVA DE XÉNERO E SEXO EN CARDIOLOXÍA" cuxa realización terá lugar en Santiago de Compostela entre abril e decembro de 2023. A tal fin, as partes comprométense, a colaborar na elaboración conceptual do curso e da súa axenda científica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Que ORGANON é unha compañía privada que se dedica á investigación, desenvolvemento e comercialización de especialidades farmacéuticas e está interesada en desenvolver iniciativas que poidan contribuír á mellora asistencial e da calidade de vida dos pacientes.

O presente convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé: "As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes [...], no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia". Así mesmo, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, regúlanse os "Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral" e no seu apartado 1 establécese: "Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel por o cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométese por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades". E continúa dicindo ese apartado 1: "A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos".

Que ambas as partes están interesadas en colaborar co obxectivo de poñer en valor a importancia e a necesidade de incluír a perspectiva de xénero na atención sanitaria, particularmente na área da cardioloxía, para mellorar a saúde das mulleres. ORGANON é consciente do compromiso do Servizo Galego de Saúde en mellorar a saúde das mulleres e cremos no valor que pode achegar realizar un curso de formación para os profesionais sanitarios de Galicia.

O enfoque desta colaboración expónse co fin de proporcionar formación neste ámbito aos profesionais sanitarios da rexión, dando a coñecer as diferenzas estruturais existentes, e que se poña de manifesto que a perspectiva de xénero é necesaria e achega valor para construír unha sociedade mellor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

